

SETEMBRO
2026



XVI FESTA DE Os COTOS

***A XORNADA DO SÁBADO DÍA 15
DE AGOSTO VALEU MOITO A PENA***

Ante todo foi un compartir agradecido, e moito foi o que valeu e vale a pena, porque non é fácil xuntarnos as dez parroquias para pasar unha xornada xuntos. Os primeiros alí estaban ás once da mañá, e os últimos saíron alá polas seis da tarde.

Moito foi o compartido:

- * compartimos a fe rezando xuntos á beira duns carballos centenarios, e pasábamos ben das cen persoas
- * compartimos cumpreanos porque hai quen chegou á vida un 15 de agosto
- * compartimos aniversario de voda (creo que 29 anos) porque hai quen casou tamén un 15 de agosto
- * compartimos con unha perna escachifada pero que non se quería perder o encontro
- * compartimos con veciños que acaban de chegar a parroquia e que queren integrarse nesta terra de Os Cotos aínda sendo eles de moi lonxe
- * compartimos uns manxares exquisitos e de “delicatesen”
- * compartimos uns brinquedos de sobremesa aínda facendo algunha que outra trampa para gañar ás cartas
- * compartimos tamén algúns medos e enfermidades que nos traen a cabeciña un chisco ocupada
- * compartimos recordos e lembranzas de quen xa non está e botamos de menos

“COMPARTIMOS”, e non se pode pedir máis. “GRAZAS”



"Un contiño para vivir"***Esa canción***

Que é para ti unha canción?, seguro que non é unha sucesión de palabras acompañadas de música, senón que é algo máis: momentos irrepetibles, descanso do corazón, bágoas que brotar cos recordos, tantas e tantas cousas;

Hoxe creo que este conto debe mostrar un anaco dunha desas cancións de amor que non só é para una parella senón para cada amigo ou amiga que o precisa, vai para eles este himno de superación:

“ Quédome calado, son coma un neno durmido
que pode espertar con apenas un ruído.
Cando menos o esperas, cando menos o imaxino,
sei que un día non me aguanto e vou e te miro.
E cho digo berrando, e ris e tómasme coma un tolo atrevido,
pois non sabes canto tempo nos meus soño viviches,
Nin sospeitas cando te nombrei.
Eu, eu non me dou por vencido, eu quero un mundo contigo.
Xuro que paga a pena esperar, e esperar,
e esperar un suspiro, un sinal do destino.
Non me canso, **non me dou por vencido, ...**”

Para todos os que o necesitan.

Atopa o que comer da horta

nai de Xesús.

As dores de María serían sete simbolizándose nas sete espadas que lle atravesarían a alma: 1 A profecía de Simeón, 2 A fuxida a Exipto, 3 Cando perde a Xesús no templo e o busca tres días, 4 O camiño da cruz ao calvario indo detrás de Xesús, 5 Ao pé da cruz de Cristo, 6 O descendemento daquel corpo roto na cruz, 7 O enterro do seu Fillo no sepulcro. Na sexta inspirouse Miguel Angel para esculpir a súa impresionante “Pietá”.

O SANTO PARA SETEMBRO

o día 15 Dores, Dolores, Lola

Este nome é de orixe latina e significa “dor, sufrimento.

Trátase de un nome derivado da advocación mariana da Virxe das Dores, que lembra os sufrimentos de María, a

CONSELLO



“Os refuxiados son persoas
coma calquera outra:
coma ti e coma min.
O seu maior soño
é recuperar
unha vida normal”
Ban Ki-moon”

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



27 de setembro

"Mesmo só un destes pequenos"



É a data na que a Igrexa vive a Xornada Mundial do Migrante e do Refuxiado. Trátase dun acontecemento que, durante máis dun século, convidou toda a comunidade cristiá a observar a realidade dos migrantes con atención e compromiso.

Para esta 112ª edición, o papa Leon XIV elixiu un lema profundamente evanxélico e desafiante: **"Mesmo só un destes pequenos"**, tomado das palabras de Xesús no evanxeo de Mateo.

Poñer rostro á migración: situar os menores no centro.

Con este lema, dirixe a mirada da igrexa cara a un dos rostros máis vulnerables da mobilidade humana: os nenos e adolescentes migrantes. Trátase de menores que a miúdo se ven obrigados a abandonar os seus fogares debido á pobreza, á violencia, aos conflitos ou á falta de oportunidades, enfrontándose a situacións de especial risco e vulnerabilidade. Vémolo estes días en Ceuta.



O panorama migratorio actual presenta desafíos complexos que afectan especialmente aos máis novos. Tal como sinala o servizo do Desenvolvemento Humano Integral, os dereitos e a dignidade dos menores migrantes están gravemente ameazados, o que esixe respostas urxentes, eficaces e coordinadas.

Esta chamada diríxese non só ás institucións, senón tamén ás comunidades cristiás, ás familias e a cada crente a título individual. As accións de acoller, protexer, promover e integrar, requiren unha aplicación inmediata e concreta.

O lema deste ano "Mesmo só un destes pequenos"

recórdanos "Quen acolle un destes pequenos no meu nome, acólleme a min" (Mt 18,5)



LEÓN XIV "Menores migrantes vulnerables e sen voz"

"Atópanse desprotexidos por tres motivos: porque son menores, estranxeiros e indefensos; por diversas razóns, vense obrigados a vivir lonxe da súa terra natal e separados do afecto das súas familias" Esta dramática realidade trae á mente as palabras de Xesús que interpelan profundamente a conciencia de cada un de nós:

"Quen acolle un destes pequenos no meu nome acólleme a min" (Mt 18,5)".

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE SETEMBRO

DÍA 6	LECTURA	Rm 13, 8-10	Quen ama ao seu próximo non lle fai mal.
	EVANXEO	Mt 18, 15-20	Onde está dous ou tres no meu nome alí estou eu
DÍA 13	LECTURA	Eccl 27, 33 - 28, 9	Lembra o ben e non rifes co próximo
	EVANXEO	Mt 18, 21-35	Compadécete e fai o ben
DÍA 20	LECTURA	Is 55, 6-9	Atopemos ao Señor, volvamos ao seu camiño
	EVANXEO	Mt 20, 1-16a	Todos podemos dar vida ao evanxeo
DÍA 27	LECTURA	Ez 18, 25-28	Practica a xustiza e atoparás Vida
	EVANXEO	Mt 21, 28-32	O que de verdade importa son os feitos